

BANDO INFORMATIVO

SOLICITUDE DE PRESTACIÓN DE PAGAMENTO ÚNICO PARA FILLAS E FILLOS MENORES DE TRES ANOS NO 2018

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso

INFORMA:

Da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2017 (DOG nº 22 do 31/01/2018)

PERSOAS BENEFICIARIAS:

- Persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2018 (nados entre o 2.1.2015 e o 1.1.2018, incluídos) No caso de fillos/as adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2016 e o 31 de decembro de 2017, a prestación poderase conceder durante os tres anos posteriores.

REQUISITOS

- Que durante o ano 2016, nin as persoas solicitantes nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estaren obrigadas a iso.

CONTÍA DA AXUDA:

A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos.

A contía será a seguinte:

- Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 euros.
- Cando sexa a segunda filla ou fillo: 1.200 euros.
- Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación de solicitudes será **dende o 1 de febreiro ata o 21 de marzo de 2018, ámbolos dous incluídos.**

LUGAR DE PRESENTACIÓN: Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte, Baixo, Sigüeiro, telf: 981688950
Oroso, 2 de febreiro de 2018

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

